

Caderno IV.
California dreamin' (on such a winter's day).
Conexión norteamericana

Dous poemas de Julian Palley
traducidos do inglés ao galego

por ADINA IOANA VLADU

Julian Palley (California, 1925-2014) foi poeta en inglés e hispanista estadounidense. Publicou obras sobre o grupo do 27 -en especial Salinas e Guillén-, poesía mexicana -en particular Rosario Castellanos- e narrativa española e hispanoamericana. Estudou o anxo e o eu na poesía de José Ángel Valente, a quen convidou a realizar varias actividades literarias e docentes na Universidade de California-Irvine, onde exerceu moitos anos como profesor. Ademais, traduciu do galego ao inglés poemas de Claudio Rodríguez Fer recollidos no libro *Deathless Loves (Amores sen morte)*.

O CARRÁN

Contemplo o carrán no seu picado
 nas augas da baía, a ver visións
 que o ollo humano non ve, e logo ascender

ás veces cunha presa no peteiro,
 e outras veces non, sempre disposto
 a afundirse unha e outra vez,

ou ben a garza verde, sosegada
 nas augas docemente ondeantes,
 co sol sobre o plumaxe

na longa espera inmóbil
 de horas e horas, acaso,
 ata albiscar a presa:

será mellor empregar, coma o carrán,
 todo o enxeño e ímpeto no intento,
 para logo ascender en novas cazarias,

ou ben, cal garza, agardar quedo
 nas augas pouco profundas da orela
 que emerxan de entre as sombras peixes?

THE TERN

Watching the tern dive bomb into
 the bay's surface, seeing what is
 hidden to our eyes, then ascending


at times with a catch in its
 beak, at times without, and then
 position to dive again and again,

or like the green heron, quiet
 in the gently moving water,
 taking the sun on its feathers

as it waits perhaps for hours
 and hours, unmoving, for the prey
 to appear before its vision:

is it better, like the tern,
 to strive with all skill and strength,
 then to ascend to hunt again,

or, like the heron, to wait
 motionless on the shallow shore
 for the shadowy fish to appear?



VERMEER

Non hai mapa,
ningunha sombra hai. A habitación, baleira,
inalterada.

A luz dunha xanela docemente inunda
o rostro virado cara arriba.
As dobras do vestido con forro de armiño
reciben o toque constante do sol.
Os ollos, mirando cando un espello,
cando a xanela,
deixan entender unha inocencia
ensimesmada, un orgullo da propia
beleza, un afago de perlas. O mundo
chama de detrás das cores
da vidreira. A ventá que aprisiona
e á vez protexe, deixa pasar
un intercambio mudo coa rúa
buliciosa. A mirada do artista acariña
a figura da muller que sente o corpo
tomado pola luz. Os brazos
nus, alzados,
destellan os reflexos destes raios.
O brocado da cadeira espella
os dedos do sol.

A súa arte toda
un xogo sobre a muller, a luz
e a xanela.

O sol prosegue
a longa discusión coa parede.

There is no map
no shadow cast. The bare room
is undisturbed.

Light from a window softly bathes
her upturned face.
Folds of her dress, its ermine lining,
receive the sun's insistent touch.
Her eyes, half focused on a mirror,
half on the window,
insinuate a self centered
innocence, pride in her beauty,
a flattery of pearls, The world
beckons through the stained
glass. The window that imprisons
as it shelters, allows
mute commerce with the busy
street. The artist's gaze caresses
the young woman as she senses
the light enter her body. Her naked
upraised arms
hold a glisten that returns its rays.
The chair's brocade picks up
the sun's fingers.

All
his art a play of woman, light
and window.

The sun pursues
its long argument with the wall.